

O 19 de febreiro de 1914, fixo cen anos que naceu o poeta XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO na aldea de Vilariño da parroquia dos VILARES, do concello de GUITIRIZ e ao que lle dedicamos este ano o DIA DAS LETRAS GALEGAS.

DÍAZ CASTRO era o terceiro dos catro fillos que tivo o matrimonio formado por Isidro Díaz Calvo e María Castro López.

Estudou no Seminario de Mondoñedo, que conformaría a súa gran cultura e xa que logo, sería continuador da tradición literaria en lingua galega da que goza dende hai séculos esta Institución mindoniense.

Foi un gran coñecedor dos idiomas e un gran tradutor, ao que dedicou a súa vida profesional.

Falecería no hospital de Lugo en outubro de 1990.